CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO DE AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C2, ESCALA AUXILIAR DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, ESPECIALIDADE DE BOMBEIRO FORESTAL (DOG NÚM. 20, DO 30 DE XANEIRO)

En sesión celebrada o 10 de novembro de 2026, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo de auxiliares de carácter técnico da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro forestal (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro) acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do terceiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa cláusula II.1.2.10, na que se establece que: «para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria».

1 INICIO DO EXERCICIO

O tribunal, realizará as probas o día 17 de novembro de 2026, segundo o horario e a distribución que se indica no anexo da convocatoria, en chamamento único, no Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro, situado na avenida de Fernando de Casas Novoa, 20, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña).

2 DESCRIPCIÓN DA PROBA FÍSICA «FIELD TEST»

Para a verificación do cumprimento das especificacións que figuran a continuación, haberá catro (4) xuíces de atletismo, situados ao longo da pista.

- Distancia a percorrer: **3.200 metros (equivalente a 8 voltas).**
- A proba consiste en camiñar: **Non está permitido correr.**
- Peso de mochila: **11 Quilogramos.**
- Límite de tempo: **30 minutos.**

O chip de identificación debe colocarse no nocello (mediante noeleira con *velcro*). O tempo individual resultará medido mediante un chip. A medición mediante chip calcula tempos netos: comeza a conta cando a persoa participante pasa inicialmente pola alfombra de saída e mide o tempo ata que volve a pasar por oitava ocasión. Cada

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GOj9bgAnIH9 https://sede.xunta.gal/cve

medición realízase cando o participante pasa por enriba da alfombra de cronometraxe.

O dorsal debe colocarse no peito, de forma visible e suxeito nos seus catro bordos polos imperdibles que son facilitados.

As persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas coa roupa e co calzado que consideren adecuados.

A saída será independente e individual para cada aspirante. O reloxo xigante de meta mostrará un tempo correspondente ao primeiro participante. O valor mostrado no reloxo non corresponderá directamente aos participantes.

Durante a proba, se o participante corre, recibira unha ÚNICA ADVERTENCIA previa á expulsión. Se tras o aviso continuase correndo, será expulsado.

Ao remate da proba, a persoa aspirante deixará a mochila co resto das mochilas e devolverá o material: chip e dorsal.

A persoa aspirante abandonará o recinto cando llo indique o tribunal.

3 DOCUMENTACIÓN

As persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas cun certificado médico oficial ou informe sobre o seu estado de saúde, asinado por un médico colexiado en exercicio, en que se faga constar que a persoa aspirante non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O referido certificado ou informe deberá estar expedido dentro dos tres (3) meses inmediatamente anteriores á data de realización desta proba. A non presentación do dito documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

4 CUALIFICACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Logo dunha advertencia, o tribunal descualificará a aquelas persoas aspirantes que corran durante o desenvolvemento da proba, o cal implicará unha avaliación de non aptitude.

5 DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE APROBADOS

Todas as persoas aspirantes que obteñan o resultado de APTO considéranse aprobadas. O número de aprobados calcularase mediante a suma de resultados de APTO obtidos polas persoas aspirantes.

En Santiago de Compostela, na data do 10 de novembro de 2026
Fernando Veiga Aguiar
Presidente do tribunal

Asinado por: VEIGA AGUIAR, FERNANDO
Cargo: Presidente do Tribunal
Data e hora: 11/11/2026 10:39:40

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GOj9bgAnltH9 https://sede.xunta.gal/cve